

¿QUEN LE?



**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**Ilustración:**

Óscar Villán

**Idea e textos:**

Colectivo *Acatrotintas*: Mayte Leis, Cristina Novoa,  
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

**Impresión:**

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

**D.L.:** C 635-2007

Os nenos e as nenas están a ler cando:

- Recoñecen no supermercado, pola etiqueta, o seu iogur favorito.
- Nun anuncio do xornal descubren a marca do seu coche.
- Identifican as letras do seu nome nos carteis da rúa e, mesmo, algunhas palabras como café ou farmacia.
- Pasan as páxinas dun libro e contan unha historia porque xa a coñecen ou porque a inventan a partir das ilustracións.

Daquela, están a facer unha lectura por conta propia.



Mais os adultos **CONTAMOS MOITO**. As nenas e os nenos poden ser lectores por conta allea se outro le para eles:

- A nai
- O pai
- A avoa, o avó
- A irmá máis vella, o curmán que vive arriba
- A amiga da mamá que veu de visita
- O bibliotecario
- Os profesores na escola
- Calquera persoa do seu medio

Porque se é bo ler sós, é moi importante ler en compañía nos comezos da vida lectora.

Na **vida diaria** hai moitas ocasións para a lectura nas que os adultos atentos a este feito poden incorporar os máis pequenos: a lectura do xornal, dunha receita de cociña, do último correo electrónico, das etiquetas dos alimentos, dun libro de contos...

Aínda que as nenas e os nenos vaian gañando en autonomía e sexan quen de facer unha lectura propia, é bo continuar compartindo con eles esta actividade e acompañalos nun proceso (a incorporación do hábito á vida cotiá) que necesita tempo para a súa consolidación. A calquera idade resulta agradable escoitar unha lectura en voz alta.

Unha **familia lectora** será aquela que proporcione modelos de achegamento á lectura, que escolla os libros, o cine, o teatro, a boa televisión... para o tempo de lecer; que conte historias, lea en voz alta, fale dos libros e películas, escoite música, visite exposicións, librerías e bibliotecas.

Nunha **casa de persoas lectoras** vaise construíndo a biblioteca familiar atendendo os intereses de todos, coidando a selección dos libros pola calidade dos textos e das ilustracións e buscando orientación, se se precisa, en profesores, bibliotecarios e libreiros. Cómpre coidar algunhas cuestións, como non mesturar libros e xoguetes ou ter conta de retirar os libros deteriorados.

Mercar un libro non debería ser algo excepcional, pero en datas sinaladas como os aniversarios ou o Nadal non poden faltar. Nenos e nenas irán conformando así a súa **biblioteca persoal**.





¿QUEN LE?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de  
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

